

ACORDO MUNICIPAL Nº 15.- REGULADOR DO FUNCIONAMENTO E PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXIA NO CENTRO DE MAIORES DO CONCELLO DE BOIMORTO

1.- OBXECTO:

De conformidade co previsto no artigo 127, (en relación có Capítulo 6 do Título 1 artigos 41 a 47 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público polos Servizos de fisioterapia e podoloxia , especificado na cláusula 7 que se rexerá pola presente normativa .

Trátase de servizos relacionados có tratamento fisoterapéutico e de podoloxía dirixido ás persoas maiores e a persoas con discapacidade de cara o mantemento da capacidade física e redución das perdas funcionais, (de acordo co disposto no artigo 21 da lei 39/2006 do 14 de decembro de Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia no que se contempla a finalidade de previr a aparición ou agravamento de enfermidades ou discapacidades mediante o desenvolvemento de programas específicos de carácter preventivo e de rehabilitación dirixidos ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade.)

A prestación destes servizos está enmarcada dentro do programa de atención primaria especializada dirixido ó colectivo de persoas con dificultades de autonomía ou con risco de dependencia (persoas maiores e discapacitadas). Esta actividade desenvolverase no Centro Social de Maiores de dependencia Municipal dentro do programa de atención persoal e atención ás persoas dependentes.

2.- PRESTACIÓNS :

Tratamento fisoterapéutico e podolóxico seguindo tres lineas de actuación: como medida preventiva en situacións de vulnerabilidade; como medida rehabilitadora; como medida de mantemento das capacidades funcionais.

3.- OBRIGADOS O PAGO :

Colectivo de persoas beneficiarias dos servizos con dificultades de autonomía para o desenvolvemento de actividades básicas da vida diaria ou persoas maiores en estado de vulnerabilidade de perda de autonomía. Son requisitos para ser beneficiario do servizo:

- Estar empadroadado no Concello.
- Haber residido cinco anos en territorio español e os dous últimos inmediatamente anteriores a data de solicitude, de acordo co establecido no arti. 5 da Lei 39/2006 de 14 de decembro de Autonomía Persoal e Atención ás persosa en situación de dependencia. E reunir unha das seguintes condicións:
- Ter máis de 65 anos
- Ter unha minusvalía superior ó 65% ou invalidez absoluta.
- Ser pensionista do sistema público de pensións con 60 anos cumpridos.

4.- XESTIÓN E TRAMITACIÓN:

A entidade local a través do Departamento de Servizos Sociais asume a responsabilidade de planificación, control e xestión do servizo que será prestado no centro de maiores do Concello de Boimorto .

Os usuarios deste servizo deberán presenta-la solicitude en prazo indicado en resolución da Alcaldía publicada no taboleiro de anuncios do concello en modelo oficial que será facilitado no departamento de servizos sociais do Concello . As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello e deberán ir acompañadas da seguinte documentación

5.- DOCUMENTACIÓN:

As solicitudes deberán ir acompañadas de:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de empadroamento e convivencia.
- Declaración da Renda do último exercicio ou certificado da Axencia Tributaria do nivel de rentas.

-Calquera outro tipo de documento que se considere necesario para a xustificación da situación.
-Informe médico do servizo público de saúde no que se acredite a necesidade ou conveniencia de recibir este tratamento como medida preventiva, rehabilitadora ou de mantemento.
-Certificado de valoración de dependencia, se é o caso.
-Certificado de minusvalía, ou xustificante de invalidez absoluta ou gran invalidez, se é o caso.
Se as solicitudes non reunisen os requisitos establecidos, o Concello, conforme o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requerirá ó interesado para que no prazo de dez días emende os erros detectados con indicación de que se así non o fixese terase por desistida a súa petición, e archivarase sen máis trámites.
No Departamento de Servizos Sociais farase a valoración técnica por parte da Traballadora Social que elaborará a proposta á Xunta de Goberno ou Alcalde para a súa aprobación. A resolución adoptada comunicarse por escrito ó interesado.
Todas as solicitudes, serán tramitadas e de non poder asumirse todas serán incluídas na lista de espera, ou para o cubrir as prazas vacantes.

6.- CRITERIOS PARA SER BENEFICIARIO DOS SERVICIOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA:

A necesidade estimarase en función de:

- 7.1.- A necesidade do tratamento de fisioterapia ou podoloxía que se acreditará mediante informe médico do servizo público de saúde.
 - 7.2.- O nivel e grao de dependencia ou minusvalía.
 - 7.3.- Situación socio-económica. Serán preferentes:
 - Solicitantes que viven sós ou unidades familiares integradas unicamente por solicitantes que reúnen os requisitos.
 - Solicitantes de menores ingresos.
 - Os pensionistas de 60 a 65 anos que non teñan a condición de minusválido ou valoración de grao e nivel de dependencia serán considerados non preferentes, pasarán a lista de espera.
- Polo departamento de servizos sociais farase unha proposta de beneficiarios e lista de espera que terá que aprobarse pola Alcaldía Presidencia e será publicada provisionalmente no taboleiro de edictos do Concello podendo presentar os solicitantes reclamacións no prazo de 10 días hábiles que entenderáanse resoltas coa publicación da lista definitiva de beneficiarios.

7.-CONTÍA E PAGO :

Estes servizos financiaranse con cargo ó Concello, ás subvencións doutras administracións, e os prezos públicos ingresados polos usuarios seguindo os seguintes criterios: O custo dos servizos quedan establecidos en:

- .- 6€ a sesión de 30 minutos para fisioterapia (esta tarifa que poderá modificarse cada ano por resolución da Alcaldía coa subida do I.P.C.)
- .- 6€ bono para a atención por podoloxía unha sesión.

Forma de pago: As liquidacións practícaranse mediante emisión de bonos que serán recollidos no Concello unha vez notificada a concesión do/s servizo/s ingresando na caixa municipal ou conta do Concello indicada polos servizos sociais prezo público correspondente polo número de bonos emitidos para o período concedido, a adquisición dos bonos e ingreso dos prezos públicos realizarase no prazo de 10 días hábiles .

A non asistencia non xustificada pode ser causa de extinción do disfrute do servizo, as xustificacións de non asistencia presentaránse no departamento de servizos sociais.

8.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DO SERVIZO

- Renuncia expresa do beneficiario ou representante legal.
- Incumprimento das normas de acceso ou falta de colaboración do usuario no desenvolvemento do servizo.
- Desaparición ou variación das causas que motivaron a necesidade do servizo.
- Non asistencia sen causa xustificada durante dúas sesións.

9.- ASPECTOS FUNCIONAIS

O material para o servizo de fisioterapia será costeado polo Concello, pero no servizo de podoloxía será a entidade concesionaria a que asuma o custe de dito material.

Inicialmente sen prexuízo de cambios de horario ou ampliacións por resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, o servizo de fisioterapia prestaráse de luns a venres tódolos meses salvo o mes de agosto, o servizo de podoloxía un día a semana tódolos meses salvo o mes de agosto, ambos servizos en horario de mañá fixado pola Alcaldía.

As sesións de fisioterapia serán individuais de 30 minutos sen prexuízo de concesión dunha hora con dous bonos a beneficiarios necesitados.

As sesións de podoloxía prestaráanse individualmente polo tempo necesario para unha boa prestación do servizo .

Os beneficiarios deberán acudir ás sesións en condicións correctas de saúde e hixiene que non impliquen risco para si mesmos nin para outros beneficiarios.

Manteráanse os instrumentos utilizados para a prestación dos servizos en condicións de saúde e hixiene polos concesionarios.

Os beneficiarios pdrán en coñecemento dos prestadores do servizo calquera circunstancia persoal de saúde ou outras que esixa especial atención ou coidado na prestación do mesmo.

O persoal dos concesionarios dos servizos nunca será considerado persoal do Concello de Boimorto e terá as titulacións ou formación necesaria conforme a normativa aplicable para a prestación destes servizos.

Levárase un libro de usuarios polos concesionarios do servizo .

No departamento de Servizos Sociais do Concello estará a disposición dos beneficiarios libro de reclamacións e suxerencias.

En ningún caso o concesionario cobrará as tarifas establecidas neste regulamento, mensualmente presentará factura cós requisitos legais polos servizos prestados o mes anterior que previa aprobación polo órgano municipal competente permitirá o cobro dos servizos prestados efectivamente.

10.- DISPOSICIÓN FINAL:

Este regulamento de funcionamento dos servizos de podoloxía e fisioterapia no centro de maiores do Concello de Boimorto aprobado na sesión plenaria de data 22 de maio de 2008 entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

	ANUALIDADE 200....
PROCEDEMENTO SOLICITUDE SERVIZOS:(MARCAR CUNHA X) FISIOTERAPIA () DE PODOLOXIA ()	DOCUMENTO SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

NIF/NIE	APELIDOS		NOME	
ENDEREZO		LOCALIDADE	PROVINCIA	C.P.
CENTRO DO LUGAR DE TRABALLO DE SER O CASO	Nº SS.SS	TELÉFONO DE CONTACTO 1	TELÉFONO DE CONTACTO 2	

I DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de empadramento e convivencia.
- Declaración da Renda do último exercicio ou certificado da Axencia Tributaria do nivel de rentas.
- Calquera outro tipo de documento que se considere necesario para a xustificación da situación.
- Informe médico do servizo público de saúde no que se acredite a necesidade ou conveniencia de recibir este tratamento como medida preventiva, rehabilitadora ou de mantemento.
- Certificado de valoración de dependencia, se é o caso.
- Certificado de minusvalía, ou xustificante de invalidez absoluta ou gran invalidez, se é o caso.